



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier de Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. José M. Da Rocha Álvarez  
 D. Oscar Rubiños López  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D. Miguel Ángel Areán Míguez  
 D<sup>a</sup>. Fatima Arias Novoa  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón  
 D. Victor Cardador González  
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
 D. Pablo Javier Cebral Loureda  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Guillermo de Oca Cancela  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen De Arriba Pérez  
 D. José Durany Castrillo  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Manuel Gutiérrez Nieto  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Miguel Loureiro Blanco  
 D. Gonzalo Marino González  
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Luis Ortíz Torres  
 D. Alberto Pena Rodríguez  
 D. Luis Pérez Gómez  
 D. José Pose Blanco  
 D<sup>a</sup>. Nieves Redondo Álvarez  
 D. Manuel J. Reigosa Roger  
 D. M<sup>a</sup> José Roca Fernández  
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Patricio Sánchez Bello  
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde ( UXT)  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Manuel Varela Lafuente  
 D. Federico Vilas Martín  
**DESCULPA A ASISTENCIA**  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos  
 D. Xosé Henrique Costas González

Acta da sesión ordinaria da Xunta de  
 Goberno da Universidade de Vigo, de oito de  
 marzo de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira  
 convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na  
 Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de  
 Telecomunicación

O mércores, **día 8 de marzo de 2001**,  
 ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da  
 Xunta de Goberno co obxecto de tratar os  
 seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 24-1-2001 ).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudo: Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Galega e Traducción e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo; Bioloxía e Ciencias do mar da Facultade de Ciencias de Vigo.
- 4.- Límite de prazas para o curso 2001-2002.
- 5.- Modificacións parciais das normativas de libre elección e de organización docente.
- 6.- Normativa sobre materias optativas.
- 7.- Oferta de materias de libre elección do curso 2001-2002.
- 8.- Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2001-2002.
- 9.- Cursos de postgrado: I Curso de Especialista en Mediación Familiar e III Master en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais (modificacións); I Curso de Especialista de Axentes de Emprego; I Curso de Especialista en Empresa Familiar.
- 10.- Aprobación, se procede, do regulamento de cursos de formación.
- 11.- Creación da escala de letrados da Universidade de Vigo.
- 12.- Normativa de realización na Universidade de Vigo de prácticas recoñecidas nos planos de

estudios por parte dos alumnos

da propia universidade.

13.- Asuntos de profesorado: Revocación do cese da profesora Gil de la Peña (solicitado por sinaturas de membros de Xunta de Goberno). Prazas BOE, transformacións, visitantes e permisos. Cobertura de docencia nos casos de solapamento provisional de planos de estudio.

14.- Delegación en Comisión de Docencia do concurso de profesorado do curso 2001-2002.

15.- Toma de acordo ante a non presentación de candidatos a Director nos Departamentos de Tecnoloxía Electrónica e Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

16.- Proposta de cambio de denominación nas Direccións de Área.

17.- Premio Fin de Carreira en Ciencia en Tecnoloxía dos Alimentos.

18.- Aprobación, se procede, do convenio entre a Universidade de Vigo e a University of Western Sydney (Australia) e do Acordo Marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Museo Etnográfico "Casa do Patrón"

19.- Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior ( 24-1-2001 ).

Acéptase a alegación do profesor Cid Sabucedo ( punto 7 ) que xa se recolle na redacción definitiva.

O profesor Santamaría le un escrito que figura como anexo I no que pide que se retire da acta da sesión do día 24-01-2001, o texto que figura como anexo VII. Sométese esta petición a votación:

A favor de que o escrito figure na acta:	17 votos
A favor de que se retire	0 votos
Abstencións	9

Non se retira.

Apróbase a acta por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Rector.

O Rector informa sobre:

- o cese, a petición propia, como Vicerrector de Extensión Universitaria, de D. Xosé Manuel Cid Fernández ó que agradece o traballo realizado.

- a toma de posesión ó fronte dese Vicerrectorado de Don Óscar Rubiños López ó que da a benvida como membro da Xunta de Goberno.

- as baixas a petición propia de Dona Nikole Pérez Mato e Don Carlos Román Lago como membros de Xunta de Goberno.

- o pagamento ós Titulares de Escola Universitarias das cantidades acordadas.
- as noticias ( non oficias) dos xornais sobre a reforma da Lei de Reforma universitaria.
- a intención de retirar da orde do día o primeiro apartado do punto 13: " Revocación do cese da profesora Gil de la Peña ( solicitado por membros de Xunta de Goberno)" unha vez que foi recibido o informe da asesoría xurídica que se achega á acta como anexo II.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, dos seguintes planos de estudio: Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Galega e Traducción e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo; Bioloxía e Ciencias do mar da Facultade de Ciencias de Vigo.

a) Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Galega e Traducción e Interpretación da Facultade de Filoloxía e Traducción de Vigo.

O Vicerrector de Organización Académica explica as observacións realizadas pola COAV:

- debe eliminarse a nota final que aparece no anexo 2º materias troncais.

- deben corrixirse os seguintes erros:

en Filoloxía Galega, no referente á carga lectiva global, debe dicir 300 créditos en lugar de 306. En Traducción e Interpretación, no mesmo apartado debe figurar 307 créditos en lugar de 309.

Apróbanse por asentimento, coas correccións mencionadas.

b) Bioloxía.

O Vicerrector de Organización Académica resume as obxeccións feitas pola COAV:

- en moitas materias troncais e obrigatorias, non se respectan os módulos de 1,5 ( nin na carga crediticia das mesmas nin na distribución entre créditos teóricos e prácticos).

- a carga de créditos optativos xerais é excesiva ( segundo as directrices de elaboración de planos de estudio).

- a carga crediticia de materias optativas non é igual en tódalas orientacións.

- hai que modificar a distribución de créditos teóricos/prácticos para que ningún curso teña unha carga de créditos teóricos superior a 45.

A continuación intervén o profesor Reigosa, Decano da Facultade de Ciencias. Di que houbo moitas dificultades en pasar dun plano de 4 anos cun 37% de optatividade a un plano de 5 anos con só un 20% e que as áreas diminuíron a súa carga docente.

No que se refire ás alegacións da COAV, di que a tabla teórica xa está corrixida e que a orientación

de Biotecnoloxía (B) é mellor deixala mais aberta ( 36 créditos ) para que no seu día sexa posible cursar a titulación de 2º ciclo de Biotecnoloxía.

A profesora de Inmunoloxía, Dona Africa González solicitou intervir neste punto. Manifesta o seu desacordo polo tratamento que a área de Inmunoloxía ten nesta proposta de plano de estudos. Di que nin na orientación biosanitaria está presente a Inmunoloxía que diminúe a súa carga con respecto ó plano anterior.

O profesor R. Berrocal di que o plano foi aprobado cun 80% dos votos da Xunta de Titulación. Coincide co Decano nas dificultades do quorum en Xunta de Facultade. Opina que a Inmunoloxía xa está atendida na optatividade e que queda repartida en distintos epígrafes e materias.

O Rector di que é sorprendente que a Inmunoloxía estea na orientación de Biotecnoloxía e non na Biosanitaria. Pide a Xunta de Titulación que se corrixa antes do Claustro o plano para igualar o número de créditos das orientacións e para adecuar á normativa a carga creditiva das orientacións.

O profesor Reigosa considera moi difícil realizar estes cambios.

Sométese a votación a seguinte proposta:

*Aprobar o plano de estudos de Licenciado en Bioloxía, condicionado a que, para a súa remisión ó Claustro, nun prazo de quince días naturais, a Xunta de Titulación faga as modificacións oportunas para que se cumpra o seguinte:*

*a) Que tódalas orientacións teñan o mesmo número de créditos.*

*b) Que a carga creditiva das orientacións debe supor, como mínimo, o 70% dos créditos optativos do plano de estudos.*

A favor desta proposta	16 votos
A favor de manter a proposta de plano	6 votos
Abstencións	7

Apróbase a proposta.

O profesor Pose pide que conste en acta que considera irregular a aprobación condicionada.

c) Plano de estudos en Ciencias do Mar.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Límite de prazas para o curso 2001-2002.

O Vicerrector de Organización Académica explica a proposta da COAV sobre límite de prazas.

O profesor Candelas indica que hai un erro no reparto das 120 prazas de Traducción e Interpretación. Debe ser como segue:

Español-Inglés-50  
 Español-Francés-20  
 Galego-Inglés-40  
 Galego-Frances-10

Sométese a proposta a votación:

A favor	22 votos
En contra	0 votos
Abstencións	4

Apróbase a proposta ( anexo III )

**Punto 5** .Modificacións parciais das normativas de libre elección e de organización docente.

A) Modificación parcial da normativa de libre elección.

O profesor Reigosa pide que os efectos destas modificacións sexan a a partir do curso 2001-2002.

O profesor Candelas propón que para o recoñecemento de créditos de libre elección por estudos realizados nas Escolas Oficiais de Idiomas, no caso de alumnos de Filloxía ou Mestre ( Idioma Moderno ), as propias Xuntas de Centro aproben unha regulamentación específica que será remitida á COAV.

O Sr. Cebral propón que se recoñezan 4 créditos de libre elección por curso ( e non ciclo ) nas Escolas Oficiais de Idiomas.

Varios membros da Xunta de Goberno cuestionan a posibilidade de que estudos cursados ( por exemplo nas Escolas Oficiais de Idiomas) antes do inicio dos estudos universitarios poidan ou non ser validados por créditos de libre elección.

Ante as dúbidas xurdidas, o Rector propón que a COAV estudie de novo a normativa e se aclare, en particular, se os cursos deben ser realizados ou non durante a carreira. Indica que debe compararse esta normativa con outras análogas de distintas universidades.

Retírase.

B) Modificación puntual das normas de organización docente.

O Vicerrector de Organización Académica somete á consideración da Xunta de Goberno a seguinte proposta de reforma no que atinxe ó recoñecemento de créditos prácticos nos planos de estudio reformados/adaptados.

*Plano de estudio reformados/adaptados: con vistas á organización docente do vindeiro curso e ata o establecemento, na próxima Programación Plurianual, da porcentaxe créditos prácticos e tipo dos mesmos nos distintos planos de estudio reformados ou adaptados e en proceso de implantación, establécense os seguintes criterios:*

*- para os cursos a implantar no vindeiro ano académico daqueles planos de estudio que na organización docente do curso anterior tivesen recoñecidos créditos prácticos, recoñecer de forma provisoria o mesmo número e tipo de créditos prácticos que os recoñecidos ata o de agora.*

*- para os cursos a implantar no vindeiro ano académico daqueles planos de estudio que ata o de agora non tiveran recoñecidos créditos prácticos, de xeito provisorio e con vistas á organización docente do curso seguinte, recoñécese a implantación en grupos de 50 alumnos daquela porcentaxe de créditos prácticos que segundo os criterios da Xunta de Galicia( grao de experimentalidade ) se establece para a titulación da que se trate.*

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 6** Normativa sobre materias optativas.

O Vicerrector explica que neste documento se trata de refundir a normativa existente sobre materias optativas do ano 1995 con parte das directrices xerais propias de planos de estudio, referente a materias optativas.

Indica que hai un erro na segunda liña do parágrafo 7 ( debe dicir " se permitirá " e non "só se permitirá")

Propón modificar o cadro da páxina nº2: cambiar de " 100 a 150" por" ata 149".

Apróbase por asentimento ( anexo IV).

#### **Punto 7.** Oferta de materias de libre elección do curso 2001-2002.

##### Oferta de materias de libre elección do curso 2001-2002

A proposta baséase nos seguintes criterios empregados pola COAV, unha vez analizados os datos de prazas ofertadas e cubertas no curso 2000/2001:

##### I. Oferta de Materias de Libre Elección Xeral de Titulación:

- Manter aquelas materias ofertadas no curso 2000-2001 que cubrisen o 50% ou mais das prazas ofertadas no curso 2000/2001.

- Manter a oferta enviada polos Centros, sempre e cando se axustara á Normativa de L.E. de Titulación.

##### II. Oferta de materias de libre elección xeral de campus.

- Axusta-la oferta de materias ó número de prazas cubertas en cada un dos campos no curso 2000/2001.

- Ofertar 20 materias, cun total de 2200 prazas para o Campus de Orense, 6 materias e 700 prazas para o Campus de Pontevedra e 40 materias e 4300 prazas para o Campus de Vigo.

- Nos tres Campus mantéñense na oferta aquelas materias de L.E.X.C. que ó longo do curso 2000/2001 cubriron un mínimo do 50%: Campus de Ourense, 19 materias; Pontevedra, 6 materias e Vigo, 36 materias. No Campus de Vigo tomouse tamén en consideración unha materia que por 3 alumnos non cubrira as 50 prazas antes de ofertar unha materia nova e a materia de Literatura Latina por non implicar custo.

- Incluir na oferta para o curso 2001/2002 aquelas materias propostas polos Centros que non implicasen custo debido a que a capacidade docente das áreas de coñecemento responsables da mesma é superior á carga docente.

O Vicerrector de Organización Académica, explica tamén que o 40% dos estudantes que teñen que cursar materias de libre elección non se matriculan nin en materias xerais de universidade nin en materias xerais de Campus senón que fan a elección en materias optativas do seu propio Centro ( que non elixiron como optativas).

Propón que se inclúan tamén na relación 2 materias solicitadas pola E.T.S.E. de Minas ( Aguas subterráneas e Petroleo) e as materias Inglés II e Alemán II en Vigo co fin de adecuar a oferta á demanda no Campus de Vigo ( No curso 2000/2001 cubríronse 3453 prazas dun total de 3915 en Ourense e 1021 prazas dun total de 1550 en Pontevedra. En Vigo foron demandadas 6645 prazas cunha oferta de 6105).

O profesor Legido di que o Departamento de Física Aplicada non está deacordo con estes criterios.

Votación:

A favor da proposta	19 votos
En contra	3 votos
Abstencións	9

Apróbase.

O profesor Legido pide que conste o seu voto en contra.

Os profesores Pose e Sanz piden que no vindeiro curso se coñezan os criterios antes de elaborar a proposta.

#### **Punto 8.** Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2001-2002.

Despois de indicar os erros que deben corrixirse nas páxinas 26 e 27 (na oferta de Vigo) e nas páxinas 7 e 19 (na oferta de Ourense), o Vicerrector di que hai que tratar por separado os seguintes temas:

a) As materias Electrónica Analóxica e Electrónica Dixital da titulación de Física (Facultade de Ciencias de Ourense) estaban ata agora adscritas á área 785-Tecnoloxía Electrónica (no Departamento de Tecnoloxía Electrónica). A proposta que agora fai o Centro para o curso 2001-2002 é adscribilas á área 395- Física da Materia Condensada (no Departamento de Física Aplicada).

O profesor M. Peñalver pide á Xunta de Goberno que non acepte a proposta do Centro xa que non hai razóns para cambiar a adscripción con respecto ó curso anterior.

O profesor Legido di que a Xunta de Facultade terá as súas razóns para propor o cambio e que o Departamento de Física Aplicada asume esa proposta.

O Rector aclara que se se cambia a adscripción sobraría un profesor asociado na área 785 e se necesitaría outra na 395 polo que o cambio non repercutiría (presupostariamente) na Universidade. Di que a área de Tecnoloxía Electrónica non precisa desas materias par subsistir e que unha posible razón do cambio de adscripción é tratar de consolidar as áreas de Física en Ourense.

O profesor Reigosa di que hai que xustificar o cambio de adscripción.

O profesor Corbacho opina que é mellor que se adscriba á área que xa viña impartindo esa materia.

O profesor Legido di que en Santiago, esas materias non están adscritas a Tecnoloxía Electrónica.

O profesor Peñalver aclara que tampoco están adscritas a Física da materia condensada, senón a Electrónica.

O Rector di que das intervencións anteriores dedúcese que a Xunta de Goberno (coa información dispoñible) entende que este cambio de adscripción non está suficientemente motivado.

Sométense a votacións as seguintes propostas:

1. Pedir a Xunta de Centro que envíe acta do acordo e que unha vez recibida, a Xunta de Goberno decida (será invitada a Decana do Centro á Xunta de Goberno).

2. Que se reúna de novo a Xunta de Centro coa presenza de representantes dos dous Departamentos implicados.

A favor da proposta 1: 7 votos

A favor da proposta 2: 4 votos

Abstencións: 17

Apróbase a proposta número 1.

b) En relación coa adscripción das materias Fisioloxía Humana I, Fisioloxía Humana II, Fisioloxía do Deporte e Valoración Funcional Deportiva na titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte (Pontevedra) solicita intervir o profesor Mallo Ferrer. Explica que se trata de materias que ubicadas claramente no ámbito científico e sen embargo están adscritas a áreas do ámbito xurídico-social (Educación Física). Di que a área de Fisioloxía, que ten un importante peso na troncalidade, non foi escoitada na Xunta de Centro en Ciencias da Educación.

O Rector di que debe respectarse o acordo da Xunta de Centro ó mesmo tempo que recomenda ó Centro que no futuro se teña en conta a opinión das áreas.

Sométese a votación o conxunto da proposta (agás as dúas materias de Electrónica que quedan pendentes):

A favor

20 votos



En contra	0 votos
Abstencións	8

Apróbase.

O profesor Corbacho quere facer constar que se abstén polos argumentos expostos polo profesor Mallo Ferrer.

**Punto 9.** Cursos de postgrado: I Curso de Especialista en Mediación Familiar e III Master en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais (modificacións); I Curso de Especialista de Axentes de Emprego; I Curso de Especialista en Empresa Familiar.

a) I Curso de Especialista en Mediación Familiar: solicítase ampliación de prazas o que implica unha modificación do presuposto.

b) III Master en Condicións de Traballo e Prevención de Riscos Laborais: neste caso, foron admitidos Enxeñeiros Técnicos ou Diplomados sen os requisitos necesarios para optar a un master. Por iso se solicita que nese caso o título que se lles outorgue sexa de Especialista.

c) I Curso de Especialista de Axentes de Emprego e I Curso de Especialista en Empresa Familiar: as taxas xa foron aprobadas polo Consello Social.

O profesor Santamaría fai unha intervención sobre estes cursos que se recolle no anexo V.

O profesor Tojo di que algún destes cursos xa foi anunciado na prensa e debería constar "pendentes de aprobación".

O profesor Legido considera interesante que os directores dos masters estén presentes en Xunta de Goberno.

Sométese a votación:

A favor	19 votos
En contra	2 votos
Abstencións	5

Apróbanse.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, do regulamento de cursos de formación.

O Vicerrector de Organización Académica di que a anterior normativa era do ano 1993 e se englobaba no antigo regulamento de títulos propios.

Os cambios son os seguintes:

- o número mínimo de créditos é de 1 (antes 3)
- se modifica o modelo de solicitude

- rexístraranse nun libro de rexistro

Apróbase a proposta por asentimento (anexo VI).

**Punto 11.** Creación da escala de letrados da Universidade de Vigo.

O Xerente di que esta proposta é consecuencia da Relación de Postos de Traballo xa aprobada e que é necesario formalmente someter á aprobación da Xunta de Goberno.

Apróbase por asentimento a seguinte proposta:

<i>Denominación:</i>	<i>Escala de Letrados da Universidade de Vigo</i>
<i>Grupo de clasificación:</i>	<i>A</i>
<i>Titulación esixida:</i>	<i>Licenciado en Dereito</i>

**ANEXO**

*Primeiro: Consonte a actual relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos, aprobada pola Xunta de Goberno o 20 de xuño de 2000, resérvanse dous postos a esta escala, integrados actualmente na Asesoría Xurídica:*

- *Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica*
- *Letrado*

*Segundo: O funcionario de carreira que ocupa actualmente con carácter definitivo o posto de xefe do servizo da Asesoría Xurídica, poderá seguir desempeñándoo, sin que lle sexa esixible a pertenza á escala de letrados. Vacante o posto, para a súa provisión esixiranse os requisitos establecidos na RPT.*

**Punto 12.** Normativa de realización na Universidade de Vigo de prácticas recoñecidas nos planos de estudos por parte dos alumnos da propia universidade.

O Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia di que con esta proposta se pretende extender á Universidade de Vigo as prácticas que xa fan os estudantes en empresas.

A Sra. Corbacho di que isto podería ser un posto de traballo encuberto.

O Vicerrector responde que son prácticas non remuneradas, tuteladas por unha Comisión e polo Consello Social que velará para que iso non ocorra.

O Sr. Carpintero propón unha mellor redacción no segundo parágrafo da última páxina (acéptase).

Sométese a votación:

A favor	18 votos
En contra	0 votos
Abstención	13

Apróbase (anexo VII)

**Punto 13.** Asuntos de profesorado: Revocación do cese da profesora Gil de la Peña (solicitado por sinaturas de membros de Xunta de Goberno). Prazas BOE, transformacións, visitantes e permisos. Cobertura de docencia nos casos de solapamento provisional de planos de estudio.

Sobre a "revocación do cese da profesora Gil de la Peña (solicitado por sinaturas de membros da Xunta de Goberno)"

Os profesores Corbacho, Roca, Pose e Legido e a Sra. Corbacho están en desacordo coa intención de retirar o punto. Din que o informe xurídico non é vinculante, que non se pode retirar un punto pedido con sinaturas e que o Rector non ten a atribución de retiralo.

O profesor Santamaría pregunta polas competencias da Mesa ou do Rector para retirar un punto da orde do día e súmase ás intervencións anteriores.

O Rector considera que, á vista do informe xurídico, debe retirarse este punto.

A favor de retiralo	16 votos
En contra	14 votos
Abstencións	1

Retírase

Prazas BOE

Sométese a aprobación a saída a BOE das seguintes prazas:

C01	660	TIT-UN	VIGO	Santiago Pascual del Hierro
T01	515	TIT-UN	VIGO	Gustavo Peláez Lourido
T11	785	TIT-UN	VIGO	Miguel Ángel Domínguez Gómez
T12	560	TIT-UN	VIGO	Francisco Fernández Masaguer
T12	800	TIT-UN	VIGO	Fernando Martín Rodríguez
X06	225	TIT-UN	OURENSE	José María Chamorro Rivas
X06	225	TIT-UN	VIGO	Manuel González Gómez
X06	225	TIT-UN	VIGO	M <sup>a</sup> Soledad Otero Giráldez
X08	480	TIT-UN	VIGO	---

O profesor Santamaría intervén neste punto. Di que no Departamento de Economía Aplicada obsérvase un retraso, con respecto á media da Universidade, na promoción do profesorado (o texto da súa intervención se recolle no anexo V).

O profesor Varela, Director do Departamento de Economía Aplicada di que a estratexia do Departamento é buscar os mellores profesionais para cada posto, os que a comunidade científica ten mellor valorados. Explica que o Departamento esixe uns méritos mínimos para a promoción e pregúntase que aporta o profesor Santamaría. Pide que se respecte esa estratexia e di que entre as novas facultades de economía, a de Vigo está nos postos máis altos.

O profesor Santamaría responde á intervención anterior (anexo V)

Apróbase por asentimento a remisión a BOE das prazas citadas.

#### Transformacións

H06	814	Ana M <sup>a</sup> Pereira Rodríguez	de PP2 a TIT-UN interina
H06	814	Lourdes Lorenzo García	de PP2 a TIT-UN interina
T01	305	José Antonio Mariño Fernández	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T11	785	Juan Benigno Nogueira Nine	de PP1 a TIT-UN interino
T12	560	Jorge Garcia Duque	de PP1 a TIT-UN interino
X09	650	Antonio Vázquez Baanante	de T2P6 a T3P6

Apróbanse por asentimento

O Sr. Carpintero di que se corrixa a denominación do título de doutor que aparece nalgunha das solicitudes.

#### Visitantes

- Dona Natalia Caparrini Marín, coa categoría de TIT-EU, desde 09-03-2001 a 30-09-2001, no Departamento de Enxeñería de Recursos Naturais e Medio Ambiente.

-Don Jesús R. Illán González, coa categoría de TIT-UN, desde 09-03-2001 a 30-09-2001, no Departamento de Matemática Aplicada.

Apróbanse por asentimento

#### Permisos

- Don Jesús González Maestro, desde 01-09-2001 a 30-01-2001.

- Don Celso Campos Bastos, desde 01-03-2001 a 30-05-2001.

Apróbanse por asentimento

#### Cobertura de docencia nos casos de solapamento provisional de planos de estudio

Sométese a aprobación a seguinte proposta:

*O incremento coxuntural de créditos que poida crear o solapamento provisional de planos de estudio, cubrirase unicamente con prazas de asociados, que se amortizarán cando desapareza o solapamento. Estas prazas sairán nun concurso específico.*

O profesor Legido pregunta se esa docencia se pode cubrir tamén con visitantes. O Rector responde que en principio serán prazas de asociados. Se quedan valeiras no concurso, sempre se podería aprobar a contratación de visitantes en Xunta de Goberno.

Apróbase a proposta por asentimento

**Punto 14.** Delegación en Comisión de Docencia do concurso de profesorado do curso 2001-2002.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Toma de acordo ante a non presentación de candidatos a Director nos Departamentos de Tecnoloxía Electrónica e Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

a) Dpto. de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio : Ante a non presentación de candidatos a Director, o Consello de Departamento emitiu o seguinte informe, en aplicación do artigo 104 dos Estatutos:

En relación á elección de novo director do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, infórmolle que reunido o Consello de Departamento o pasado 2 de febreiro considerou que, atendendo ós artigos 8 e 21º da LRU e ó 104º dos Estatutos da Universidade de Vigo, entende que é espírito da norma a prevalencia do nomeamento dos catedráticos sobre os titulares, e non existindo máis catedrático que don Federico Vilas Martín, cun labor ó fronte do departamento valorado positivamente polo consello, e non habendo candidatos entre os titulares, acordou comunicarllo a vostede para que proceda segundo considere oportuno.

Analizado o informe, e aínda que o actual Director xa leva no cargo dous mandatos consecutivos, apróbase a proposta de nomeamento de D. Federico Vilas Martín como Director en funcións deste Departamento.

b) Departamento de Tecnoloxía Electrónica: Ante a non presentación de candidatos a Director, o Consello de Departamento emitiu o seguinte informe, en aplicación do artigo 104 dos Estatutos:

"O Consello de Departamento informa que non hai candidato á Dirección do Departamento de Tecnoloxía Electrónica e propón á Xunta de Goberno que aplique a lexislación vixente"

Acórdase aplicar o criterio de categoría, antigüidade e idade (sempre que non haxa incompatibilidade), polo que será nomeado Director en funcións o profesor Carlos Martínez Peñalver

Apróbase.

**Punto 16.** Proposta de cambio de denominación nas Direccións de Área.

Sométese a aprobación da Xunta de Goberno a supresión da Dirección de Área de Residencias e Aloxamentos (ás súas funcións serán asumidas directamente polo Vicerrector de Extensión Universitaria) e a creación da Dirección de Área de Normalización Lingüística.

**Punto 17.** Premio Fin de Carreira en Ciencia en Tecnoloxía dos Alimentos.

A Facultade de Ciencias de Ourense propón a D. José Manuel Lorenzo Rodríguez como Premio Extraordinario Fin de Carreira 1999-2000 na titulación de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (esta proposta non fora enviada no seu día)

Apróbase por asentimento

**Punto 18.** Aprobación, se procede, do convenio entre a Universidade de Vigo e a University of Western Sydney (Australia) e do Acordo Marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Museo Etnográfico "Casa do Patrón"

Apróbanse por asentimento

**Punto 19.** Rogos e preguntas.

A profesora Alonso Escontrela roga que se fagan as obras no Pavillón de Deportes de Pontevedra e que se asine o Convenio coa Secretaría Xeral do Deporte para instalacións no Centro de Tecnificación Deportiva.

A Sra. Corbacho Suso roga que se consulte á asesoría xurídica cando e como se pode retirar un punto da orde do día.

O profesor Durany roga que se aperciba ó Director do Departamento de Matemática Aplicada por non convocar Consello ordinario, cando ten a obriga de convocalo alomenos unha vez ó trimestre. Roga que se impidan actuacións como as de autorizar (pola Dirección da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial e do Departamento de Matemática Aplicada) que un mesmo profesor invitado impartira 70 horas de clase nun período dunha semana, xa que iso non pode ter a mínima calidade docente.

O profesor Santamaría fai rogos e preguntas que se recollen no anexo V.

O profesor Varela pregunta polo estado e uso do Pavillón de Deportes.

Non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 20:00 horas do día 8 de marzo de 2001 do que como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Sr. Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo